


Situación sociolingüística do galego. O papel da escola



María X. Rodríguez Valcárcel
Lugo 2010



- PLURILINGÜISMO E MONOLINGÜISMO

- VITALIDADE DO GALEGO NO MOMENTO ACTUAL

- Lingua inicial
- Competencias lingüísticas
- Usos lingüísticos
- Actitudes lingüísticas. Os prexuizos lingüísticos
- Situación do *corpus*

- O GALEGO NO ENSINO

- Datos de uso
- Plurilingüismo na educación
- Papel do profesorado
- Algúns recursos



LINGUA/DIALECTO

- CONCEPTO LINGUA:
 - Parámetros estruturais
 - Parámetros sociais
 - Lingua por distancia/
lingua por
elaboración
- Dialecto e lingua son variedades de similar **rango lingüístico** pero con **historia e status** distinto



LINGUAS E ESTADOS: PLURILINGÜISMO E MONOLINGÜISMO

- 7.000 LINGUAS NO MUNDO
- 200 ESTADOS
- MEDIA DE LINGUAS POR PAÍS:
 - Europa: 4,6
 - América: 21,7
 - Africa: 35,9
 - Asia: 47,1
 - Oceanía: 48,2
- O PLURILINGÜISMO É A NORMA
- O MONOLINGÜISMO É A EXCEPCIÓN (agás Islandia, en ningún outro lugar coincide fronteira lingüística e administrativa)





RECOÑECIMIENTO OFICIAL

- ESTADOS PLURILINGÜES NOS QUE SÓ SE RECOÑECE UNHA LINGUA OFICIAL: Francia, Grecia ... (o máis frecuente)
- ESTADOS OFICIALMENTE BILINGÜES OU TRILINGÜES: Paraguai (español e guaraní) Luxemburgo (alemán, luxemburgués, francés) ...
- LINGUA OFICIAL DE CARÁCTER XERAL E COOFICIALIDADE DOUTRAS LINGUAS EN CERTOS TERRITORIOS DO ESTADO: España
- LINGUAS OFICIAIS DIFERENTES EN DISTINTOS TERRITORIOS:
 - Suíza: o romanche ten moi limitadas as súas atribucións; alemán, francés e italiano están instaladas no seu territorio
 - Bélxica: francés/ neerlandés



SAÍDAS A UNHA SITUACIÓN DE CONTACTO DE LINGUAS

- SUBSTITUCIÓN LINGÜÍSTICA
- NORMALIZACIÓN DA LINGUA AUTÓCTONA
- FORMACIÓN DUNHA VARIEDADE MIXTA: pidgins e creoulos
- COMPLEMENTARIEDADE LINGÜÍSTICA:
 - REPARTO DE ROLES E FUNCÍONS
 - INDIVIDUAL: compentencia plurilingüe
 - SOCIAL: diglosia

Una situación diglósica



DIGLOSIA: uso **socialmente codificado** de **diversas linguas** ou de **diversas variedades dunha lingua**.

- O uso do galego ou do castelán está con frecuencia relacionado co **status social** e coa **función** para a que se utiliza a lingua.
- Na utilización dos códigos lingüísticos en Galicia, obsérvase unha diglosia *funcional* e unha diglosia de *adscripción*.



A diglosia de adscrición

- A utilización dunha lingua ou outra está relacionada con factores como a **posición social, económica, cultural, etc.**
- Certos **estratos sociais** exprésanse habitualmente nunha lingua e outros estratos noutra distinta.
- O galego viña sendo tradicionalmente a lingua propia dos estratos menos poderosos e de menor prestixio social, das capas máis pobres e menos cultas (agricultores e mariñeiros).
- O castelán era considerado como a lingua do poder, das clases con maior capacidade económica, do prestixio social, da cultura.



Movements na diglosia de adscrición

- a) **Extensión da castelanización** a sectores aos que non afectaba tradicionalmente: sectores instalados no galego incorpóranse ao castelán co desexo de mellorar de status.
- b) **Perda de vitalidade da norma** pola cal os membros de certos estratos (status social alto, mellor posición económica, maior nivel cultural...) debían falar castelán.



A diglosia funcional

- Cada unha das linguas implicadas realiza **funcións distintas**: unha é sentida como lingua “alta” (A), apta para determinadas situacións formais, e a outra como lingua “baixa” (B), propia para situacións máis coloquiais.
- Tradicionalmente, o galego víase ben para a **comunicación familiar, oral**; o castelán era a lingua da **comunicación escrita e da oral de carácter formal**



Cambios na diglosia funcional

- Na diglosia funcional producíronse cambios moi importantes en Galicia nos últimos anos.
- Nalgúns casos asistimos a unha **inversión dos papeis desempeñados polo galego e o castelán**, pasando o galego a ocupar o lugar de lingua “A” (para as relacións máis formais) e o castelán o de lingua “B” (para as relacións máis familiares e coloquiais): OLLO: certo papel ritual.
- Exemplos: Parlamento e política en xeral, TVG, Claustro da Universidade.



CONFLITO LINGÜÍSTICO

- Algúns investigadores coidan que o termo “diglosia” non é válido, dados os cambios que vimos de comentar
- CONFLITO LINGÜÍSTICO:
 - Os grupos lingüísticos constitúen **comunidades con intereses antagónicos** nos que as respectivas linguas adoitan verse como variedades en competición.
 - Hai unha **situación de desequilibrio** na que un dos grupos é dominante e outro ou outros os dominados



CONSECUENCIAS

- - Desaparición por substitución da lingua dominada

OU

- Superación da situación de desaxuste mediante un proceso de recuperación do:
 - - status
 - -capital simbólico
 - - valor comunicativo
 - da lingua dominada



PLANIFICACIÓN LINGÜÍSTICA

- PLANIFICACIÓN LINGÜÍSTICA:

É o **esfuerzo consciente** desenvolvido para influír na conduta das persoas respecto da adquisición, da estrutura ou da asignación funcional dos seus códigos lingüísticos

- **Por que e para que?**

intentar modificar unha situación sociolingüística que se considera insatisfactoria e inxusta para algunha (s) da(s) lingua(s) presentes na comunidade.



COMPOÑENTES DA PLANIFICACIÓN LINGÜÍSTICA

- 1. OBXECTIVOS RELACIONADOS CO **CORPUS**:
normativización; depuración lingüística;
modernización (elaboración terminolóxica e
estilística)
- 2. OBXECTIVOS RELACIONADOS CO **STATUS**:
oficialización; extensión dos usos e funcións sociais;
modificación de ideoloxías, opinións e actitudes
lingüísticas.
- 3. OBXECTIVOS RELACIONADOS COA
ADQUISICIÓN: transmisión lingüística primaria;
aprendizaxe das linguas na socialización; aprendizaxe
da variedade estándar.



DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

- Desenvolvemento dun **conxunto estruturado de actividades** que ten como obxectivo crear as condicións que aseguren o funcionamento da planificación lingüística
- DINAMIZACIÓN NO ÁMBITO EDUCATIVO: favorecer en cada centro escolar as **condicións educativas e ambientais** que fagan posible a realización, con éxito, da **planificación lingüística escolar**.



Traballos de referencia para datos cuantitativos


- **Mapa sociolingüístico de Galicia (MSG 92): 1994, 1995, 1996**
 - Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia
 - Usos lingüísticos en Galicia
 - Actitudes lingüísticas en Galicia
 - O galego segundo a mocidade (2003)
- **Censo de poboación de 2001**
- **Enquisa de condicións de vida (IGE) 2003/2008**
- **Actualización do MSG (2004)- Lingua inicial (2007) Usos (2008)**



- É o estudo sociolingüístico máis completo feito para unha lingua romance pola cantidade de persoas enquisadas (9.309 sobre un total de poboación de 1.509.518


— POBOACIÓN DE 15 A 54 ANOS
RESIDENTE EN GALICIA SEGUNDO O
CENSO DE 2001).

- A primeira cala fíxose no 92 e a segunda no 2004.
 - Lingua inicial e competencia lingüística
 - Usos lingüísticos
 - Actitudes lingüísticas (no prelo)
 - **Mostra non idéntica:**
 - MSG92:** de 16-65 anos
 - MSG 04:** de 15 a 54; maior atención a áreas urbanas




■ LINGUA INICIAL

Comparativa da lingua inicial no tramo 16-54 anos no MSG-92 e MSG-04



Lingua inicial nas sete cidades galegas no MSG-04




X



Lingua inicial nas sete cidades galegas no MSG-04


- Claro predominio do castelán nas sete grandes cidades de Galicia, especialmente en Ferrol e Vigo: sumando as opcións “só castelán” e “máis castelán”:
 - Ferrol resulta a cidade máis castelanizada en canto aos usos iniciais: 84,5%.
 - Séguenlle Vigo: 80,9%,
 - A Coruña (o 41% de ‘só castelán’ e o 36,4% de ‘máis castelán’) co 77,4%,
 - e Pontevedra : 73,2%
- Pola contra, as maiores proporcións de galegofalantes iniciais sumando as opcións ‘só galego’ e ‘máis galego’ preséntanas:
 - Lugo co 40%
 - Santiago co 35,1%
 - e Ourense co 31%

Lingua inicial segundo o nivel educativo (16-54 anos). Valores medios



- 4 = monolingüismo galego
- 1= monolingüismo castelán
 - retroceso da transmisión primaria do galego en todos os niveis educativos, especialmente marcado no grupo dos que cursaron estudos de bacharelato.

Lingua inicial segundo a ocupación




X

ocupación




Lingua inicial segundo a ocupación

- A **maior porcentaxe** de galegofalantes iniciais atópase entre os '*traballadores agrícolas e non cualificados non agrícolas*', dos que preto do 60% aprendeu a falar 'só galego' .
 - Este é o único grupo profesional onde a maioría aprendeu a falar 'só galego' ou 'máis galego', pois no resto a suma destas dúas opcións non acada en ningún caso o 50%.
- A **reproducción inicial do galego permanece illada nos grupos profesionais de menor dinamismo, o que fai desconfiar do seu futuro.**




LINGUA INICIAL 2008

Gráfica 4. Lingua inicial (1992-2008)



Fonte: RAG. Mapa Sociolingüístico de Galicia 1992 / IGE. Enquisa de Condicións de Vida d
Famílias 2003 e 2008

Gráfica 5. Lingua inicial por idades (2008)



Fonte: IGE. Enquisa de Condicións de Vida das Famílias 2008



Ámbitos de adquisición do galego

Táboa 5. Ambitos de adquisición do galego

	1992 ²	2003	2008
Familia	83,5	86,82	86,83
Escola	5,9	29,7	33,96
Amigos	4,0	8,83	13,95
Veciños	3,1	9,58	13,7
Traballo	1,3	2,84	6,35
Cursos	...	1,17	0,9
De xeito autodidacta	...	0,64	0,54
Radio e televisión galegas	...	0,23	0,16

Fonte: RAG. Mapa Sociolingüístico de Galicia 1992 / IGE. Enquisa de Condicións de Vida das Familias 2003 e 2008



ALGUNHAS CONCLUSIÓNS DA ANÁLISE DA LINGUA INICIAL

- **Forte retroceso** da transmisión primaria da lingua galega entre 1992 e 2004.
- Avance do **monolingüismo inicial en castelán e do bilingüismo inicial**
- Na actualidade, a adquisición inicial única ou preferente da lingua galega só é maioritaria entre os nados en **localidades con menos de 10.000** habitantes e entre os residentes en localidades con menos de 5.000.
 - preocupante pola perda de peso da poboación rural, o que bota sombra sobre o porvir do galego
- Tendencia esperanzadora que indica unha **certa recuperación de falantes iniciais de galego no grupo de menor idade**.
 - Cumpriría seguir a súa evolución no futuro para confirmar se constitúe un principio de recuperación do galego.
- **Incremento importante da escola como lugar de aprendizaxe da lingua.**




■ COÑECEMENTO LINGÜÍSTICO

Comparación das competencias lingüísticas en galego entre o MSG-92 e MSG-04 no tramo de 16-54 anos


- importante mellora na percepción da competencia en todas as destrezas, de maneira moi especial no tocante ás destrezas lectoescriptoras:

- entender, aumentou 0,22 ,
- **falar, aumentou 0,18**
- ler aumentou 0,69
- escribir aumentou **0,88**




Dominio de destrezas lingüísticas e idade (MSG-92)

- Capacidade de **entender**: independente da idade.
- Cap. de **falar**: desce nos máis novos.
- Cap. de **ler** e **escribir**: aumenta nos máis novos.




Fonte: Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia (1994).

O coñecemento do galego e do castelán (MSG-04)



Ítem empregado para sondar as competencias en galego no MSG-04

P. 9. Cal é o seu nivel de coñecemento do galego nas seguintes destrezas tendo en conta que 1 é a puntuación máis baixa e 4 a máis alta (9 = Non procede)?
Entender: ____ Falar: ____ Ler: ____ Escribir: ____




Apreciacións xerais sobre estes datos



- CASTELÁN: Escasa diferenza no grao de competencia respecto ás catro destrezas /GALEGO: aínda unha distancia de 0,54 puntos nesta escala entre ‘entender’ e ‘escribir’.
- A diferenza máis notable entre as dúas linguas atopámola na expresión escrita, mentres que o maior equilibrio atopámolo na comprensión oral, o que evidencia a práctica simetría da comprensión nas dúas linguas.
- **Acúrtase notablemente con respecto ó MSG-92 a distancia entre a comprensión oral e a capacidade para escribir en galego.**


Capacidade para falar o galego segundo a lingua das clases en primaria e secundaria

- As persoas que cursaron a maioría ou practicamente todas as materias en galego declaran ter maior capacidade para expresarse oralmente neste idioma




Dominio da capacidade para ler o galego en función da lingua das clases en primaria e secundaria no MSG-04

- a docencia maioritaria en galego favorece que esta capacidade mellore e que se acaden valores próximos ao 4, o máis alto, como era de esperar dunha función instrumental que se adoita adquirir na escola




Dominio da capacidade para escribir o galego en función da lingua das clases en primaria e secundaria no MSG-04

- O alumnado que recibiu as clases unicamente en castelán obtén as puntuacións máis baixas nesta destreza, inferiores ao valor medio da escala.
- Indican unha competencia deficitaria nesta destreza




Dominio da capacidade para ler o galego segundo a idade no MSG-04




- a media da destreza na lectura aumenta a medida que se descende na escala de idade:
 - Os individuos con idades comprendidas entre os 15 e os 34 anos, que na maior parte dos casos recibiron docencia de lingua galega, ou mesmo a cursaron desde primaria ou EXB, conforman o grupo de idade coas puntuacións máis altas nesta destreza
 - No grupo de maior idade ('de 45 a 54') os valores das medias decaen progresivamente ata 3,11

Dominio da capacidade para escribir o galego segundo a idade no MSG-04




- Na capacidade para escribir **acentúase a importancia da idade**
- Os individuos con idades comprendidas entre os 15 e os 34 anos, que xa cursaron polo menos a materia de lingua galega desde a primaria/EXB, superan claramente a media xeral nesta destreza.
- As xeracións máis vellas ('de 45 a 54 anos'), que tiveron unha escasa ou ningunha escolarización en galego, amosan unha media inferior

Gráfica 7. Competencia lingüística nas catro destrezas




Fonte: RAG. Mapa Sociolingüístico de Galicia 1992 / IGE. Enquisa de Condicións de Vida das Familias 2003 e 2008



■ LINGUA HABITUAL

Distribución da lingua habitual en Galicia (MSG-04)




- O castelán acada os valores máis altos de uso: 61,1%
- Só o 38,4% se expresa só ou maioritariamente en galego
- O uso doutras linguas é anecdótico (0,5%)

■ MSG-92


- O 68.6 % manifesta que nas súas interaccións usa só ou predominantemente o galego.
- O 31.4% di usar só ou maioritariamente o castelán.
- Un 38.7% da poboación declárase monolingüe en galego
- Un 10.6% monolingüe en castelán.

Evolución da lingua habitual na poboación de 16 a 54 anos




- Forte retroceso do monolingüismo en galego (14.5 puntos)
- Avance monolingüismo en castelán (12.8 puntos)
- Mantemento do bilingüismo.:
 - con suba de “máis castelán” (9.3 puntos)
 - con baixa de “máis galego” (7.6 puntos)

Lingua habitual segundo a lingua inicial




- A maior fidelidade lingüística dáse nos bilingües iniciais (espec. nos que adquiriron máis cast. –73,5%- contra o 63,5 dos máis gal.).
- Nos monolingües iniciais o mantemento é algo menor na opción de gal. (55,5%) ca na de cast. (58,8%).
- O maior cambio de lingua nos que adquiriron outras linguas (non gal. nin cast.)

Lingua habitual segundo o hábitat de residencia




X

MSG-92



MSG-04




Tendencias observables na comparación das gráficas


- Estabilidade do uso monolingüe en galego no urbano e forte caída no rural.
- Importante avance do monolingüismo castelán na cidade, aínda que tamén no rural.
- A notoria perda de “máis galego” nos hábitat intermedios e a considerable suba de “máis castelán”.



Lingua habitual nas cidades




Distribución da lingua habitual por idade




X

Comentario



- forte retroceso do uso do galego conforme descende a idade
- acusado aumento dos usos do castelán ao baixar a idade
- Dous cambios de tendencia no grupo de idade máis novo:
 - estabilización da perda de galegofalantes: do grupo 25-34 anos ao 15-24 a perda é moi inferior á dos outros grupos.
 - Lixeiro incremento nas dúas modalidades do monolingüismo (a do castelán 1,3 puntos e a do galego 0,6).


Gráfica 2. Evolución da lingua habitual dos maiores de 15 anos (1992-2008)



Fonte: RAG. Mapa Sociolingüístico de Galicia 1992 / IGE. Enquisa de Condicións de Vida das Familias 2003 e 2008



Gráfica 3. *Lingua habitual por idades (2008)*



Fonte: IGE. Enquisa de Condicións de Vida das Familias 2008



■ A SAÚDE DO CORPUS




A SITUACIÓN DO CORPUS

- O galego nunca gozou dun corpus tan elaborado e tan codificado coma na actualidade:
 - Normas
 - Gramáticas
 - Vocabularios ortográficos
 - Dicionarios monolingües e bilingües
 - Vocabularios terminolóxicos




A situación do corpus

- O galego nunca se utilizou cun **nivel de calidade tan baixo nin cun nivel de contaminación tan alto.**
- Perigo real:
 - Necesidade de normalización do status, pero tamén de velar pola calidade da lingua.



A situación do corpus: o chamado “galego urbano”

- Unha variedade de galego que é a vía de expresión dun número crecente de falantes, maioritariamente urbanos, que teñen na súa maioría o castelán como lingua materna
- Non debería ter connotacións negativas. Pero tenas:
 - forte **castelanización** da fonoloxía, da sintaxe e da fraseoloxía, pero tamén dunha maneira moi notable da morfoloxía e do léxico



Características lingüísticas do novo “galego urbano”



FONÉTICA

- Indistinción do timbre das vogais galegas
- Non pronunciación do *n* velar
- Conxunción *i* por *e*.
- Despalatalización do “x”
- O apego á grafía e á segmentación do castelán no caso de contraccións e amálgamas: *ao, de unha, en outro...*
- *Entoación*
- A segunda forma do artigo: Tódolos; Come-lo caldo; Déuno-la nova.
- A sinalefa: ese individuo; esa enfermeira; esta amiga; todo o mundo
- Realización do fonema N en contextos como: non o vin; alguén o fixo; nin o sei nin o quero saber, etc ...

MORFOSINTAXE:

- 
- O uso incorrecto do xénero: **a sangue, *a leite, *o cor, *o fraude, *o sida...*
 - Formación incorrecta dos plurais: *finales, papeles, israelíes, baladíes...*
 - **Uso dos tempos compostos: *xa o había feito*.**
 - Eliminación de alternancias vocálicas nos verbos: *subes, subes ; sigo, sigues...*
 - *Lees, creen*
 - Ausencia de infinitivo conxugado
 - **Perífrase *ir + a + infinitivo***
 - Complemento directo introducido por “a”...
 - Construcións pronominais *cortarse o pelo, lavarse as mans*.
 - **Colocación incorrecta das formas átonas do pronome persoal**



LÉXICO

■ Castelanismos

- - os dobretes:
vasoira/*escoba
- - os sinónimos:
abarcar/abranguer
- - **os casos de pobo, abono, roxo, e desenrolo** (vila; fertilizante; vermello/colorado/encarnado; desenvolvemento)

■ Hipergaleguismos

- - estrano, brilar, orgaizar, sobresaínte, calqueira, primaveira, ambiente, etc



Presenza social do “novo galego urbano”

- **Un modelo de galego instalado en grupos sociais de prestixio**
 - **Ten un efecto nefasto en dúas direccións:**
 - **a) Está deturpando o propio galego**, atacando elementos fundamentais do seu sistema lingüístico e achegándoo perigosamente ao castelán
 - **b) Está xerando un complexo de minusvaloración** da variedade auténtica propia de **moitos galegofalantes**, que ven como a súa variante lingüística segue sen ter valor social, porque non é a propia dos que están instalados no poder

Un modelo en progresión

- 
-) converteuse nun modelo de aceptación social e asociado ao progreso, que foi adoptado por unha parte importante dos que posúen o poder real ou simbólico no noso país.
 - b) estase estendendo tamén a falantes que teñen o galego como lingua materna, e que consideran que esta variedade lles dá un maior prestixio social.
 - c) están aparecendo xa as primeiras xeracións que teñen esta variedade de novo galego urbano como lingua materna.
 - d) ten unha especial vitalidade nas cidades, e é nas cidades precisamente onde se xoga o futuro da lingua galega.

Responsables


- a) Unha parte importante da nosa clase política: falan nunha variedade que non se sabe a que lingua pertence.
- b) Os medios de comunicación social, sobre todo as radios e as televisións
- c) Unha relaxación na vixilancia da calidade lingüística en lugares simbólicos:
 - anuncios nos medios de comunicación que fan saltar as alarmas.
 - Diario de sesións do Parlamento de Galicia: *En todo caso, lles quero recordar e lles volverei... ; Me houbera gustado que estivera presente o señor conselleiro..*



O GALEGO NA SOCIEDADE

■ INL: 6 factores:

- Imaxe e rotulación: 25%
- Adecuación lingüística do persoal: 15%
- Criterios de uso lingüístico: 15%
- Documentos de uso externo: 15%
- Comunicacións exteriores: 20%
- Documentación e comunicacións internas: 10%





- **Xustiza:** 3,5% das resolucións sae en galego (fronte ao 29,67 de INL)
- **Igrexa:** 70% das parroquias non emprega nunca o galego.
- **Empresa:** só catro das empresas que máis facturas en Galicia dan opción de galego na súa páxina web: son Zara, Gadisa, Vegonsa e Pescanova.



MEDIOS DE COMUNICACIÓN

- 1 radio e televisión en galego
- Prensa escrita:
 - 1 diario en galego: *Galicia hoxe*
 - 1 diario parcialmente en galego: *Xornal de Galicia*
 - 3 cabeceiras de prensa non diaria:
 - *A Nosa Terra* (semanal)
 - *A Peneira* (quincenal)
 - *Tempos novos* (mensual)



MEDIOS DE COMUNICACIÓN ESCRITA (novembro de 2006: porcentaxe de uso do galego atendendo á superficie en cm2)

<i>Voz</i>	<i>Faro</i>	<i>Correo</i>	<i>Progreso</i>	<i>Región</i>	<i>Ideal</i>	<i>Atlántico</i>	<i>Diario Pontevedra</i>	<i>Diario Ferrol</i>	<i>Diario Arousa</i>	<i>La opinión</i>	<i>DXT</i>
4,8	5,3	4,1	4,6	8,1	2,9	14,1	4,8	9,9	24,3	11,7	0,8



Lingua de lectura e escritura en Galicia

- A maioría da poboación adoita ler e escribir en castelán
 - Só unha minoría recorre ao galego escrito (18% dos galego-falantes)
 - Inercia dos galego falantes a ler en castelán
 - Non hai relación competencia lectora-uso lector
 - Non hai relación competencia escrita-uso escrito
- Contrastando o 92 co 04 aumenta o galego na lectura (4,8% ao 14,2%) e escrita informal (2 puntos)

LINGUA DE LECTURA EN GALICIA (OLLO: IDADE)




Figura 4.1. Lingua habitual de lectura





Figura 4.6. Lingua de lectura segundo a idade



Comentarios

- O uso do castelán na lectura supera en 24 puntos o emprego habitual desta lingua
- O aumento do uso do galego na lectura non é equiparable á mellora das competencias lectoras.
- O baixo índice de lectura en galego non se debe a eivas de coñecemento (o 82,1% dos enquisados di ter boa competencia lectora en galego).
- Diminúe aínda máis o índice de consulta de páxinas web en galego: 4,5%: escasa presenza nas TIC


LINGUA DA ESCRITA EN GALICIA (sen diferenzas significativas segundo a idade)






Comentarios

- O 81,4% usa única ou maioritariamente o castelán e só o 18% escribe en galego
- Dos monolingües en galego só escriben en galego o 54% e fano en castelán o 20%
- A tendencia a escribir en galego aumenta nos usos informais: escribir unha nota: 77% dos galego falantes.
- Segundo a idade: lixeiro aumento no grupo máis novo; con todo: só o 19% como lingua escrita formal e o 26% como lingua escrita informal.




Comparación lingua da lectura-escritura

- A porcentaxe de lectura en galego é 4 puntos inferior ao seu emprego na escrita.
- Con respecto ao 92 hai un aumento do uso do galego na lectura: de 4,8 a 14,2 (sumando só galego e máis galego)
- No uso do galego para deixar unha nota: aumentou pero menos: do 24,4 ao 26,5



Gráfica 13. Estudiantes de entre 5 e 16 anos segundo a lingua na que escriben na escola. 2003-2008




Fonte: IGE. Enquisa das condicións de vida das familias, 2003 e 2008



ACTITUDES LINGÜÍSTICAS (Consello Cultura Galega, 2010)

■ A FAVOR:

- Os pais deberían falarlles máis galego aos fillos: 70,8%
- Cando nos falan en galego o correcto é responder na mesma lingua: 90
- Os políticos galegos deben empregar esta lingua nas súas intervencións: 75%
- É posible unha situación de igualdade nas competencias lingüísticas: 90%
- O galego debe estar máis presente na vida pública en Galicia: 67%
- A lingua usada nas familias é o factor determinante para decidir a lingua principal de ensino dos fillos: +1/2



ACTITUDES LINGÜÍSTICAS (Consello Cultura Galega, 2010)

■ EN CONTRA

- O galego non é necesario porque nos entendemos perfectamente en castelán: 80%
- A lingua usada nas familias é o factor determinante para decidir a lingua principal de ensino dos fillos: 1/3
- Contrario a separar en aulas ou centros distintos aos alumnos por cuestión de lingua (8 de 10)



Actitudes xerais da cidadanía con respecto á maior presenza do galego en (moi favorables):

- Medios de comunicación: 61,8%
- Asociacións privadas, clubs deportivos, colexios profesionais: 54,7%
- Ámbito xudicial, notarías, rexistro, avogacía: 55%
- Ámbito sanitario: 56%
- Corpos e forzas de seguridade: 56%
- Celebracións relixiosas: 50%
- Produtos de entretemento para rapaces e xente nova: 58%
- Banca: 54%
- Comercio: etiquetado e publicidade: 56,1%



PREXUÍZOS LINGÜÍSTICOS

- Os prexuizos lingüísticos son **xuízos de valor emitidos sobre unha lingua ou sobre os seus falantes coa finalidade de provocar o seu rexeitamento.**
 - Son tan vellos coma as propias linguas:
 - Dante (XIV) *De vulgari eloquentia*
 - Rousseau (XVIII) *Essai sur l'origine des langues*
 - A sociedade galega sufriu durante séculos unha situación que propiciou o asentamento no pobo dun complexo de inferioridade e **autoodio**: aquí está a raíz dos prexuizos e valoracións negativas sobre o idioma que levan a:
 - - incremento dun **autoconcepto negativo, individual e colectivo**
 - - **abandono e ocultamento** do idioma.
- Potenciados na procura de uniformidade cultural e lingüística**



CLASIFICACIÓN (J. Tusón)

- 1. Preconceptos inocentes ou populares:
 - - linguas sinxelas vs. complicadas
 - - linguas suaves vs. ásperas
 - - linguas con moitos vs. poucos falantes
- 2. Preconceptos culturais
 - - linguas de cultura vs. primitivas
 - - linguas literarias vs. non literarias
 - - linguas vs. dialectos
- 3. Preconceptos xeopolíticos
 - linguas maioritarias vs. minoritarias
 - linguas con estado vs. linguas sen estado
 - linguas de comunicación vs. linguas locais



- **Preconceitos relacionados coa suposta falta de utilidade do galego:**

- Íllanos do exterior
- Tópico lingua universal
- Lingua subsidiada
- Non xera riqueza

- **Preconceitos que asocian o galego coa pobreza e o atraso:**

- Lingua rural
- Lingua non válida para a escrita
- Lingua de pobres e ignorantes



- Preconceitos que asocian o uso do galego coa descortesía ou mala educación
 - desconsideración cara ás persoas descoñecidas
 - falta de respecto ás persoas foráneas
 - extensión a falantes doutras linguas minorizadas
- Preconceitos relacionados coa “imposición” do galego
 - imposición por unha minoría política intolerante
 - imposición no sistema educativo
 - “quérese impor o galego como antes se impuxo o castelán”
 - rexeitamento social
 - o castelán é tan galego como o galego
 - o español é unha lingua marxinada ou perseguida en Galicia



- Preconceitos relacionados coa caracterización pexorativa do galego e a (in)competencia dos seus falantes
 - o galego é unha lingua ruda e fea
 - o galego non é válido para a xente nova
 - o galego normativo é unha lingua artificial
 - as persoas galegas non saben falar galego; “Eu falo castrapo”
- Preconceitos relacionados co galego como marca ideolóxica ou profesional
 - identificación do galego cunhas siglas políticas e o castelán como lingua neutra
 - asociación galego-marca profesional ou lusismo



Núñez Singala, *En galego, por que non?*

- Porque é unha lingua bruta, que soa mal
- Porque aprender galego é unha perda de tempo, se todos falásemos inglés non habería problemas para entenderse
- Porque non todos o falamos, e falar galego cando hai alguén que non o fala é de mala educación
- Porque non o damos falado ben
- Porque é unha lingua imposta
- Porque é unha lingua minoritaria
- Porque non o fala ninguén



O GALEGO NO ENSINO





MARCO LEGAL

- **Constitución Española: artigo 3**
- Real Decreto 1961/1979 do 20 de xullo : regulamenta a incorporación do galego ao sistema educativo en Galicia. Concreció na Orde de 1 de agosto de 1979
- Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril: **Estatuto de Autonomía de Galicia**: artigo 5
- **Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística**: título III
 - - Nunha primeira fase (1983-1988) só era obrigatorio o ensino da lingua galega como materia.
 - - En 1988 lexislouse que debía ser utilizada como lingua vehicular nunha parte do currículo
- **Decreto 247/1995**: desenvolvemento da presenza curricular e escolar da lingua galega no ensino non universitario que regulou o proceso ata o decreto de 2007.
- Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias (1992) ratificada por España en 2001
- Plan xeral de normalización da lingua galega (2004)
- **Decreto 124/2007**, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo (DOG do 29 de xuño)
- **Decreto 79/2010**, do 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.



Relación: estudo do galego no ámbito escolar- coñecemento e uso

CONSTÁTASE:

- - Unha relación significativa entre **competencia escrita e lectora en galego e telo cursado como materia**
- Ausencia de relación entre **competencia oral e escolaridade**
- Un marcado **desfasamento** entre o **coñecemento do galego** e a **conduta lingüística** – uso efectivo do idioma galego como vehículo habitual de comunicación




PUNTOS FEBLES DO GALEGO NO SISTEMA EDUCATIVO (P.X.N.L.G. 21 setembro 2004)

- **Deficiente planificación** orientada a garantir unha **competencia** semellante nas dúas linguas oficiais
- A nivel didáctico, o alumnado ten en ocasións dificultades **para discriminar os códigos do galego e do castelán**
- O sistema educativo non consegue dotar o alumnado dunha **boa competencia oral en galego**
- Conflito entre o **estándar e as variedades locais**, con consecuencias nos contornos galegófonos
- Excesiva focaxe das actividades de normalización arredor das **datas das letras galegas e de festas de carácter etnográfico**
- Excesiva atención ós **contidos de tipo culturalista** (revista, concursos de redacción, etc) e limitación de actividades orientadas á transformación dos usos lingüísticos
- Falta máis **material didáctico** e para o desenvolvemento pleno de aulas en galego en determinadas áreas e en determinadas etapas educativas



OBSERVATORIO DA SITUACIÓN DA LINGUA GALEGA NA SOCIEDADE

- **TRABALLO DE CAMPO: 18 de xaneiro a 15 de febreiro de 2008)**
- 1450 centros de EI, EP, CPI, IES
- **Índice de Normalización Lingüística (INI):6**
factores:
 - 1. Imaxe e rotulación: 25%
 - 2. Adecuación lingüística do persoal: 15%
 - 3. Criterios de uso lingüístico: regras ou normas que determinan que lingua se usa en cada situación tanto na escrita coma no oral: 15%
 - 4. Documentos de uso externo: 15%
 - 5. Comunicacions exteriores: 20%
 - 6. Documentación e comunicacions internas: 10%





- O INI acadado polos centros de ensino non universitario é moi elevado: **88,01%** nunha escala de 0 a 100. En todos os factores a media é superior a 80.
- Os tres factores que acadan mellores valores son: uso na documentación de uso externo, imaxe e rotulación, criterios de uso lingüístico (posta a disposición do persoal de ferramentas e persoal dedicado á normalización)
- Os outros tres factores están por debaixo do índice, en especial documentación e comunicación interna.
- A lingua galega está en mellor posición nas comunicacións externas que nas internas.
- **A utilización do galego é maior dentro da aula ca fóra desta en contextos informais**
- **Os centros máis desgaleguizados son os situados nas sete grandes cidades de Galicia.**



EVOLUCIÓN E ESTADO ACTUAL DO SISTEMA EDUCATIVO EN GALICIA (CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA: 2002-2003, 03-04 e 04-05)

Competencia lingüística en EI e EP

- Ó inicio do primeiro ciclo de EP **un terzo do alumnado non acadou a competencia suficiente** para este nivel
- O **16,8%** amosa non ter o nivel suficiente para comezar o segundo ciclo de EP
- Ó rematar a EP só un **6,7%** non acadou a competencia necesaria



Uso da lingua en EI e EP


- **Uso oral:** o castelán é a lingua máis usada aínda que o uso tende a diminuír co aumento do nivel. Con todo **ó final da EP no 40,9 das aulas mantense once puntos por riba do galego.**
- **Uso escrito:** o uso do galego no taboleiro é aproximadamente **dun terzo** e non rexistra diferenzas significativas por nivel.
- **Uso oral e escrito nas materias impartidas nesta lingua:** maior coherencia no uso escrito ca no oral.
- **O número de horas impartidas en EI** amosa unha distribución bastante irregular. A maior porcentaxe corresponde ó tramo de 0-5 horas e nun 2,8% dos centros non se imparte en galego ningunha hora.
- **Aprendizaxe da lecto-escritura:** a maioría realízase en castelán. **En galego só 1/3**


LINGUA EMPREGADA POLO PROFESORADO



Lingua das clases en Primaria e en Secundaria Tramo 15-24 anos, 2004 (%)


(Fonte: Mapa Sociolingüístico de Galicia-2004, Vol. II, 2008)





Lingua na escola, 2004 (%)

(Fonte: Mapa Sociolingüístico de Galicia -2004, Vol. II, 2008)





CONCLUSIÓN

- A medida que diminúe a idade aumenta a presenza do galego nos dous niveis, pero o uso do galego sitúase o 17% en Primaria e o 30,4% en Secundaria (Tramo 15-24 anos)
- A lingua na que se imparten as clases non rexistra diferenzas significativas por hábitat.
- O castelán é a lingua maioritaria en todos os usos escolares (entre o alumnado, co profesorado, na lectura, na escrita)
- O uso do castelán na escola é maior ao uso xeral en Galicia.
- O uso do galego é maior en contextos informais e case non está presente na escrita.
- Maior uso do galego cos compañeiros que co profesorado.
- **O 22,1 % dos enquisados recoñeceu que a escola influíra sobre a súa lingua habitual: destes o 2,8 % indicou que influíu cara ao galego; o resto cara ao castelán.**



Cambios MSG 92/04

- Diminución da presenza do galego na lingua de interacción do alumnado cos compañeiros
- Aumento da presenza do galego na lingua escrita
- Nas interaccións co profesorado o uso do galego non diminúe
- Diminución do influxo a prol do castelán do profesorado.




DATOS DA MNL (E.I.)

- **Con respecto ó curso 2008 constatáronse os seguinte datos segundo información enviada polos propios centros de ensino á MNL: (NOVA A VOZ)**
 - - 10,5% dos nenos e nenas de 3 anos das sete cidades non reciben nin unha hora en galego ó día
 - O 65% dos rapaces e rapazas de entre 3 e 6 anos nas sete cidades cursan os seus estudos en centros que non cumpren coa obriga legal de que cando menos a metade do seu horario sexa na lingua propia de Galicia.
 - O 43,1% dos centros de EI imparten por baixo do 50% en galego.
 - Arredor dun 40% imparten en galego unha hora ou menos ó día



ESTUDO DA ÁREA DE NORMALIZACIÓN DA UNIVERSIDADE DE VIGO

- Estudo realizado entre marzo e xuño de 2008
- O Decreto só se cumpre no 25% dos centros educativos vigueses
- Ningún centro concertado imparte a metade das materias en galego en todas as etapas educativas
- A zona rural é a que máis segue as directrices legais
- (*LA VOZ DE GALICIA, 5.11.2008*)



PORCENTAXE DE DOCENCIA EN GALEGO EN 2º DE ESO (Consello Cultura Galega, 2008)

	CS	CN	MT	TC	MÚS	REL	OPT
PÚBLICO	87,8	82,3	34,2	47,6	55	51,5	43,5
PRIVADO	81,7	60,4	23,3	27,5	41,3	21,5	17,8



Informe Consello de Europa 2007 (verbo da aplicación da *Carta Europea das linguas rexionais ou minoritarias* en España)

- Resulta preocupante que:

- o emprego do galego diminuíu en termos xerais de 1992 a 2003
- o número de persoas que nunca empregan o galego duplicouse entre 1991 e 2001

No sector do **ensino**:

“non obstante as interesantes iniciativas emprendidas polas autoridades (Plan Xeral de Normalización e Decreto 124/2007) o número de alumnado que recibe educación escolar en galego segue a ser moi baixo”



CONCLUSIÓN:

- Existe **un grao de fracaso insólito da lexislación**, pois nin sequera se cumpre a normativa naquelas materias nas que o galego é obrigatorio.
- Aparecen datos próximos á normalidade no uso do galego na ESO nas materias nas que é obrigado aínda que no resto o equilibrio está moi lonxe de lograrse
- **A situación máis deficitaria atópase na EI e na EP especialmente no primeiro ciclo.** Isto é especialmente grave porque pode representar en moitos casos unha desgaleguización no tránsito da familia á escola e indirectamente unha incentivación de non transmisión interxeracional deste idioma.
- É significativa a **desproporción no uso das linguas na aprendizaxe da lectura e da escritura**, claramente favorable ó castelán.
- Para avanzar na normalización da lingua galega é fundamental conseguir unha **maior presenza desta na incorporación dos nenos á lingua escrita**, porque isto marcará de forma decisiva a súa posterior relación co idioma



ALGUNHAS REFLEXIÓNS SOBRE O PAPEL DO PROFESORADO

- Non deberíamos esquecer que **a normalización lingüística deste noso país non é só competencia do sistema educativo**; non podemos responsabilizar a escola de que o proceso de normalización non avance todo o que sería desexable.
- En todo caso, esta é responsable de que os individuos que pasen por ela sexan **competentes** en lingua galega e, se acaso, de favorecer **actitudes positivas** para o seu uso
- No referente ao profesorado é fundamental que haxa unha actitude favorable para a aplicación da norma no seu labor diario (...) se o alumnado ve unha **boa disposición a un cambio de lingua vehicular** – aínda que esta non sexa correcta de todo- estamos a transmitirle unha actitude positiva que favorecerá o seu emprego. Pero, se esa mudanza de rexistro se fai unicamente dentro da aula, e no resto das relacións non se usa como lingua de comunicación, estamos a convertela en algo “ritual” e o alumnado percibe que o galego é só para “ese momento” e para todo o demais a lingua de comunicación segue sendo o castelán

(Celestino Pérez Recarey)



RESPONSABILIDADE DO SISTEMA EDUCATIVO

■ COMPETENCIAS:

- EN GALEGO
- EN CASTELÁN
- COMO MÍNIMO
NUNHA LINGUA
ESTRANXEIRA

■ ACTITUDES

- RESPECTO Á
DIFERENZA
- SUPERACIÓN DOS
PREXUÍZOS
- DISPOSICIÓN
FAVORABLE AO
PLURILINGÜISMO



COMPETENCIA ALUMNADO 4º ESO (cursos 2008-09 e 2009-10)

- MOSTRA:
 - Proba escrita: 1153 estudantes
 - Proba oral: 182 estudantes
- (21.136 ESTUDANTES DE 4º DE ESO)
- Nivel de confianza: 95%
- EXPRESIÓN ESCRITA: carta formal pautada
- EXPRESIÓN ORAL: capacidade para manter a partir dun vídeo unha conversa de 10 minutos



PARÁMETROS:

PROBA ORAL

- Desenvolvimento temático
- Adecuación
- Cohesión, Coherencia, Fluidez
- Fonética
- Gramática
- Léxico

PROBA ESCRITA

- Desenvolvimento temático
- Adecuación sociolingüística
- Coherencia e cohesión
- Gramática
- Ortografía
- Léxico


COMPETENCIA EXPRESIÓN ESCRITA (escala 1-5, punto intermedio 3)

GAL:

2,77

CAST:


3,04



Gráfica 1. Competencias específicas de expresión escrita en galego e castelán

COMPETENCIA EXPRESIÓN ORAL (escala 1-5, punto intermedio 3)


- GAL: 3,66
- CAST: 3,77



Gráfica 3. Competencias específicas xerais de expresión oral en galego e castelán




PERFÍS ALUMNADO



Gráfica 4. Competencias en expresión oral en galego e castelán segundo a lingua inicial

COMPETENCIA GRAMATICAL



Gráfica 5. Resultados de gramática en galego e castelán por lingua habitual



CONCLUSIÓN

- Competencias superiores en castelán ca en galego sobre todo en expresión escrita
- Media xeral de expresión escrita en galego non aceptable
- Maiores diferenzas nas subcompetencias relacionadas co código: gramática, léxico, ortografía.
- Alumnado galegófono: competencia bilingüe bastante homoxénea; castelanófono: dominio mellor do castelán que do galego
- CONTRADÍN O MANDATO LEGAL DE COMPETENCIA EQUIPARABLE NOS DOUS IDIOMAS.



ENSINO BILINGÜE: HIPÓTESES PRINCIPAIS

- A promoción da lingua inicial nos centros educativos axuda a desenvolver non só esa lingua inicial, senón tamén as habilidades dos alumnos/as na outra lingua do sistema educativo.
- A dedicación de tempo de instrución nunha lingua socialmente minoritaria na educación non limita o desenvolvemento académico dos alumnos/as na lingua maioritaria
- Os nenos bilingües renden mellor cando o centro educativo ensina dun xeito efectivo a súa lingua inicial e cando se alfabetiza nela.
- O nivel de desenvolvemento da lingua inicial do alumnado é un indicador importante do desenvolvemento da súa segunda lingua
- O mantemento da identidade lingüística é un factor clave no éxito académico dos alumnos/as da lingua minoritaria. Se a mensaxe que transmitimos é que deben deixar a súa lingua na porta do centro o alumnado deixará tamén fóra parte da súa identidade



A EDUCACIÓN BILINGÜE

- **A idea derivada a partir das primeiras investigacións realizadas sobre os efectos do bilingüismo, segundo as cales este tiña unhas repercusións negativas para o desenvolvemento dos rapaces, demostrouse errada** (Miguel Pérez Pereira)
- Un dos efectos máis beneficiosos que ten o bilingüismo é o de favorece-la **conciencia metalingüística**, ou capacidade de analizar, reflexionar sobre, ou ter conciencia das características da linguaxe como sistema

OUTRAS:

- Maior creatividade verbal
- Máis elevada flexibilidade cognitiva




- A aprendizaxe de dúas variedades desde o inicio do proceso socializador, máis aínda se se trata de linguas estruturalmente próximas, é o máis óptimo desde calquera punto de vista (pedagógico, lingüístico, sociolingüístico, etc).
- **Cun mínimo de esforzo suplementario, os cativos/as poden aprender dúas ou mesmo unha terceira lingua**



Hipótese da interdependencia lingüística

- Cando se aprende unha lingua desenvólvense habilidades que se transfiren á aprendizaxe da outra cando se poñen as condicións para facelo.
- O **bilingüismo aditivo** conséguese cando se produce un proceso bidireccional de transferencia dunha lingua a outra – da L1 á L2 e da L2 á L1- e multidireccional, no caso de que sexan tres ou máis as linguas implicadas.



Hipótese da competencia subxacente común (Cummins)

- As habilidades implicadas no uso dunha lingua non dependen dos seus aspectos formais senón que están relacionadas coa adquisición de **habilidades lingüísticas** en xeral. Cando aprendemos unha lingua non só interiorizamos aspectos formais desa lingua, senón que desenvolvemos as habilidades necesarias para usar a linguaxe.
- Esa competencia será o resultado de **aprender máis e mellor algunha das linguas**, que pode ser transferida a outra ou outras coa condición de que se teña **contacto** con elas e exista **motivación** para usalas



- **RECOMENDACIÓNS DOS ORGANISMOS INTERNACIONAIS PREOCUPADOS POLO MANTEMENTO DA DIVERSIDADE LINGÜÍSTICA E CULTURAL:**

- O plurilingüismo é o camiño máis axeitado para salvagardar a **diversidade cultural**; a educación debe perseguir a plena capacitación lingüística do alumnado

- As habilidades lingüísticas plurilingües teñen un valor práctico inmediato: facilitan unha **comunicación efectiva**, a comprensión entre as persoas, a **aceptación da diversidade e das minorías**.
- **Resolución da Eurocámara (2009)**: promover a aprendizaxe de idiomas, o multilingüismo e a diversidade lingüística na Unión Europea, incluídas as linguas rexionais e minoritarias.



- Cara a unha educación plurilingüe. Unha ollada ecolóxica” (Sagasta Erraches-Sainz Osinaga)
- O bilingüismo é unha variable explicativa no desenvolvemento da competencia plurilingüe; **a maior nivel de bilingüismo, mellor rendemento en linguas estranxeiras.**
- Polo tanto, **se os alumnos utilizan pouco unha das linguas da comunidade, necesitarase unha maior presenza desta lingua no currículo**
- A lingua só como obxecto de aprendizaxe dá como resultado niveis de competencia limitados



Criterios que deberían guiar o traballo escolar para fomentar a diversidade lingüística e potenciar a competencia plurilingüe

- Crear a conciencia de que o plurilingüismo é un feito positivo. É o que se coñece como “**competencia existencial**” ou de “saber ser” que se manifesta na predisposición favorable á aprendizaxe de linguas e na tolerancia e aprecio pola diversidade.
- Para garantir a competencia **non abonda a clase de lingua** senón que cómpre habilitar outros espazos de uso para as linguas que se queren aprender.
- As linguas apréndense facendo cousas con elas, de maneira que cómpre aproveitar todas as ocasións que permitan o seu emprego instrumental e no eido escolar estas situacións son sobre todo as relacionadas co **currículo**



- Cómpre **ter en conta a dimensión social das linguas** que se pretenden ensinar e aprender.
- Hai que aceptar algún tipo de **complementariedade entre os dous idiomas, pero sendo conscientes de que a súa situación social (grao de implantación, valor de mercado ...) é diferente.**
- Estes dous factores son fundamentais na planificación das aprendizaxes lingüísticas sobre as que hai que tomar decisións lingüísticas e escolares



LINGUAS MINORIZADAS E ENSINO

- Os sistemas de ensino bilingüe non son neutros.
- As políticas de ensinanza nunha lingua en posición minorizada están deseñadas para conseguir que os cidadáns teñan unha competencia lingüística alta nesa lingua.
 - “Es absolutamente necesario conseguir una enseñanza bilingüe en la que la lengua minoritaria tenga consideración de primera lengua y no de segunda lengua” (Moreno Cabrera)



CONTEXTOS DE BILINGÜISMO DESIGUAL:

- O predominio da lingua ambiental dominante no sistema educativo:
 - reforza a marxinación da lingua subordinada
 - entorpece o desenvolvemento cognitivo dos falantes da lingua minorizada
 - impide a adquisición de competencia suficiente na lingua minorizada dos falantes da lingua ambiental dominante
- O uso no sistema educativo da lingua minorizada:
 - beneficia os falantes das dúas
 - garante a adquisición de competencias por parte dos falantes da lingua dominante
 - AS MEDIDAS DE REFORZO DO USO DO GALEGO NO SISTEMA EDUCATIVO NON SON ARBITRARIAS (H. Monteagudo)



- A COHERENCIA DEBERÍA LEVAR A ACEPTAR ALGÚNS PRINCIPIOS DE CARÁCTER XERAL:
- 1. O galego, como lingua **propia do territorio** e como **variedade recesiva**, debe ser a **lingua primeira e principal** do currículo. En caso contrario non pode conservar a súa condición de código identitario nin funcionar como idioma socialmente útil
- 2. O **castelán** debe ter tamén presenza instrumental no currículo para reforzar o dominio de certos usos académicos e formais, pero a súa situación de **prevalencia social** permite que o seu **uso e competencia estean moito máis garantidos polo contexto extraescolar**.



Manifesto do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

O multilingüismo é beneficioso para as persoas. **A xente que desde a infancia se manexou en dúas linguas ten máis facilidades para aprender unha terceira.**



INFORME PISA 2006

- As comunidades con dúas linguas sitúanse por riba da media española en competencia en lingua castelá
- Os resultados dos escolares galegos en comprensión lectora e matemáticas están en quinto lugar nos totais do Estado.





Avaliación da calidade e innovación dos centros educativos (2008)

- O alumnado de 4º e 6º de EP e 2º e 4º ESO galego ten mellor competencia lingüística en castelán que alumnado doutras comunidades autónomas
- O alumnado galego ten mellor dominio de inglés cá media española



Grafica 1: Competencia en lingua castelá e literatura
Sobrado Fernández, L.M. (dir.):
Avaliación da calidade e innovación dos centros educativos, 2008





Gráfica 2: Análise de rendemento escolar en lingua inglesa

Sobrado Fernández, L.M. (dir):

Avaliación da calidade e innovación dos centros educativos, 2008





- O alumnado de inmersión lingüística en catalán de Cataluña presenta unha competencia lingüística en castelán superior ao doutras comunidades.



A ACTUACIÓN DO DOCENTE

- O docente devén **MODELO** de lingua e **PROMOTOR** dos usos lingüísticos
- - pola adecuación, propiedade e corrección da lingua que usa
- - pola **VARIEDADE DE FUNCIONES** para as cales usa a lingua
- - e polas **ACTITUDES** que mantén cara á lingua e a súa recuperación



OS MATERIAIS DIDÁCTICOS

- DEBEN CUMPRIR UNHA SERIE DE CONDICIÓNIS BÁSICAS
- - dar unha visión da lingua proxectada ó futuro, evitando a asociación co ruralismo e o abuso na presentación de formas de vida tradicionais.
- - evitar a reprodución de prexuizos e estereotipos de vida negativos
- - achegar todo tipo de textos e incorporar os usos necesarios para actuar en galego en todos os ámbitos da actividade social.



ACTUACIONES DINAMIZADORAS

- OBXECTIVO: acadar unha visibilidade permanente da lingua galega no centro.
- ALGUNHAS MEDIDAS:
- Coidar os aspectos visuais e documentais do centro: carteis, letreiros, avisos, documentos, páxina web, cuños ...
- Emprego do galego por parte do profesorado nas **conversas** que manteñan coas familias, co alumnado e co persoal non docente.
- Uso da lingua galega en **todos os actos que organice o centro**: reunións de pais, festivais, etc
- Darlle pulo á utilización das **TICS** promovendo a súa identificación co uso do galego: programas informáticos, recursos ...



- Editar en galego a revista e outras publicacións do centro
- Promover a creación dunha emisora de radio, coidando que os seus contidos sexan sempre en galego
- Ter ben dotada de libros e revistas en galego a biblioteca do centro e as de aula
- Ter ben dotadas de materiais audiovisuais a fonoteca e mediateca do centro
- **Fomentar, a través de xogos e outras actividades lúdicas, o uso do galego nas actividades informais do alumnado**
- Crear a figura do voluntario lingüístico entre o alumnado con funcións como acoller alumnado non galegofalante, colaborar co ENDL ...



- Poñer o alumnado en contacto coa realidade do país mediante visitas de carácter didáctico e dun panel que recolla informacións relacionadas coa presenza social do galego.
- **En contornos castelán falantes promover encontros e intercambios con alumnado doutras zonas, sobre todo de centros que destaquen polo seu avance dinamizador**
(Coordinadora ENDL)
 - Impulsar a formación de grupos de teatro, musicais, clubs de lectura ... que desenvolvan a súa actividade en galego
- Establecer pautas de compromiso e fidelidade lingüística destinadas ó alumnado, propoñendo “contratos” de uso da lingua (Sechu Sende)
- **En contornos cunha forte presenza de alumnado inmigrante, cómpre deseñar un plan de acollida lingüística (experiencia aulas de integración lingüística) (Material: atención á diversidade)**
- Manter unha colaboración aberta e participativa co concello e con movementos asociativos da zona en relación coas actividades de ocio.
- Colaboración entre distintos centros educativos para a realización de actividades conxuntas



SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA

(www.xunta.es/linguagalega)

■ **Actividades de expresión oral**

- A batalla oral:
- A entrevista:
- A inundación:
- A viaxe:
- Ao redor da mesa:
- Buscando o consenso:
- Da imaxe á palabra:
- Fala con texto:
- Fotografías:
- Imos ao cine:
- Noticias novas:
- O acuario:
- O arranxo do coche:
- O calendario:
- O meu mundo, o meu país, a miña rexión:
- O tabú:
- Oferta de emprego



XOGOS

- **Cativadas**. Distintas actividades pensadas para que os máis pequenos da casa aprendan as diferentes partes do seu corpo, as cores, as letras, os números...



Portal Galego de Contidos Educativos

A miña pequena biografía

(Sandra María Maceira Castro)

O recurso preséntase coa forma dun libro que contén a biografía do alumno ou alumna. Dentro, encóntranse actividades para traballar o corpo, a familia, os animais, os instrumentos musicais, as comidas e os medios de transporte



<http://www.as-pg.com>

TRIVIAL.GZ

O lecer é un bo espazo para aprender e aprender xogando é a mellor forma de achegármonos á nosa literatura, á nosa historia, á nosa xeografía, a nós mesm@s.

Elaboramos este xogo tipo trivial pensando na xente moza e na que non é tanto, co obxectivo de contribuír a galeguización dun espazo vital, o do lecer e o xogo, que na actualidade sofre unha importante carencia de posibilidades pensadas desde Galiza.

- RECURSOS. AULA VIRTUAL
- [Actividades para 2º e 3º ciclo](#)
- Encrucillados
- Ortografía
- Adiviñas
- Consellos para animar á lectura
- Varios: guión para un programa de radio
- ...



COORDINADORA EQUIPOS

- <http://www.coordinadoraendl.org>
- - ACTIVIDADES
- - FORMACIÓN
- - CAMPAÑAS
- - INTERCAMBIOS LINGÜÍSTICOS



REFERENCIAS

- www.as-pg.com
- www.edu.xunta.es (lingua galega)

EQUIPOS DE NORMALIZACIÓN:

- A planificación lingüística nos centros educativos (pdf)
- Guía práctica para a planificación lingüística nos centros escolares (pdf)
- Observatorio da situación da lingua galega na sociedade (pdf)

www.edu.xunta.es (Temáticos. Contidos educativos)
(Atención á diversidade)



BIBLIOGRAFÍA

- Villares Naveira, L. (2010): *Estudos xurídicos sobre o Decreto para o plurilingüismo*, Laiovento.
- García Negro, P. (2009): *Sobre o racismo lingüístico*, Laiovento.
- Costas, X-H (2009): *55 mentiras sobre a lingua galega*, Laiovento.
- Freixeiro Mato, X. R. (2009): *Lingua de calidade*, Xerais.
- Núñez Singala, M. (2009): *En galego, por que non?*, Galaxia
- RAG (2010) *Análise da Real Academia Galega das Bases para o decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia* (<http://www.realacademiagalega.org>)
- Yáñez, M. e Ares, M. *Linguas cruzadas*.



■ rodriguezvalcarcel@edu.xunta.es